




APE GALICIA – NOVAS

- ✓ PRESENTACIÓN APE GALICIA AXUDAS AUTONOMOS E COMERCIO 12/02/2025
- ✓ DESAYUNO FORO EMPRESA 20/02/25
- ✓ PRESENTACIÓN POLO DE SILLEDA 20/02/25



APE GALICIA - NOVAS

❖ PRESENTACIÓN APE GALICIA AXUDAS AUTONOMOS E COMERCIO 2025

O 12 de febreiro o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, e o director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, acompañados do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, presentaron estas axudas impulsadas pola Xunta para apoiar tanto ao tecido autónomo como ao sector comercial nun evento organizado pola Asociación de Autónomos e Pymes de Galicia (APE), presidida por José Ramón Caldas.



Pablo Fernández destacou durante a súa intervención a orde unificada de axudas para autónomos lanzada este ano polo Goberno galego, co obxectivo de avanzar na simplificación administrativa e reducir a carga burocrática deste colectivo. Explicou que a convocatoria, con máis de 40 millóns de euros, inclúe cinco programas de axudas que abarcan desde o inicio da actividade

ata a súa consolidación e mantemento, pasando pola conciliación, a nova oportunidade para aqueles que desexen reemprender e o apoio ao relevo xeracional nos negocios en funcionamento. Ademais, subliñou a implantación dun chatbot de intelixencia artificial para facilitar a resolución de dúbidas en tempo real

❖ DESAYUNO FORO EMPRESA

A décimo novena edición do tradicional Desayuno Técnico organizado polo Foro Empresa Pontevedra contará coa participación de José Alfonso Méndez, CEO de SRG Tech Consulting, quen exporá as últimas novidades normativas sobre os sistemas informáticos de facturación (SIF) e o seu impacto nas empresas.

Ao acto, acudiu José Ramón Caldas, presidente de APE Galicia, quen apoia e da proxección a este evento, destacando a importancia de actualizarse sobre as novas regulacións no ámbito tecnolóxico e fiscal.

Este encontro foi unha oportunidade para que os empresarios e profesionais do sector se informen sobre os cambios normativos e melloren a súa comprensión sobre as ferramentas tecnolóxicas que están a transformar o mundo empresarial.

❖ PRESENTACIÓN POLO DE SILLEDA 20/02/25

A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia, Marta Mariño, participou en Lalín na xornada Impacto positivo e emprendemento, organizada pola consultora Alén e polo Polo de Emprendemento e Apoio ao Emprego de Silleda. A través desta iniciativa, búscase incorporar a sustentabilidade

nos proxectos de emprendemento da zona, profundizando na práctica de como iso repercute nas empresas. A xornada desenvolveuse na sede da Asociación de Empresarios de Deza (AED).

En relación coa integración da sustentabilidade, o Polo de Silleda pretende, cunha xornada coma esta, dar a coñecer proxectos locais para que os seus usuarios e, en xeral, aquelas persoas ou axentes do tecido empresarial interesados en incorporar a sustentabilidade no seu emprendemento e organización dispoñan de exemplos reais e inspiradores de negocios de impacto positivo. Ao respecto, Marta Mariño subliñou a colaboración da entidade con sede en Silleda na rede autonómica de polos, que, cun grande enfoque no rural, busca dinamizar a economía local, fixar poboación e loitar contra o reto demográfico. A este acto tamén asistiu José Ramón Caldas, presidente da Asociación de Empresarios de Galicia (APE Galicia).



Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra



